10/01/2014
Boletín Nº 119

MONTAÑEIROS CELTAS

ARRANXOS NO REFUXIO ALOIA

Ao noso refuxio do monte Aloia chegoulle a hora dos arranxos varios, e comezamos polo máis urxente: o arranxo do tellado para que non siga chovendo dentro do refuxio.

Por fin, despois dunha longa espera dos permisos, puidemos poñer mans á obra: cortáronse as ramas do ciprés que batían no tellado, sacáronse todas as tellas e limpouse o sobrado, movéronse as pranchas de uralita e cambiáronse todos os puntais e vigas de soporte do tellado substituíndoos por outros de madeira tratada con sales e de maior sección, e colocando a continuación as pranchas de uralitas e tellas suxeitas con ganchos de inox e seladas as unións laterais e cúmios.

As demais fases: cambio de madeira faiado, cambio frixo madeira liteiras, arranxo ventás e contras, acometida de auga e saneamento,… iranse facendo a medida que economicamente nolo poidamos permitir, e obteñamos o permiso pertinente do Parque Natural.

Contamos coa axuda de todos vós para ir completando os arranxos.

CEA ANUAL

Aínda que de momento non temos definido o lugar para a celebración da cea Anual, ide facendo reserva na vosa axenda porque a data xa a temos fixada. Será o día **15 de febreiro.** Os homenaxeados serán:

Cumpren 50 anos de socios

Jose Luis Vázquez Almuiña
Juani Rodríguez Nuño
María Teresa Álvarez Ruiz
Enrique Benaches
Alfredo Rial Graña

Cumpren 25 anos de socios

María Almedia Bautista
Francisco Jose Pereira Gallego
Olga Millós Domínguez
Jose Rosales Tenorio
Susana del Carmen Soto Matos-Pita
Enrique Soto Campos
Serafín Valencia Triviño
Jose Carlos Valencia Almansa
Iván David Valencia Almansa
Javier Fernández Comesaña
Alaska Docampo Figueirido

CONTIDOS

Licenzas	2
Esquí	3
Escola de Mergullo	3
Pequemarchas	4
Infantil/Xuvenil	6
Escalada	7
Social	7
Montaña/Sendeiro	8
Espeleo	10
Vindeiras actividades	12

FEDÉRATE!! POLA TÚA SEGURIDADE

LICENZAS DE MONTAÑA 2014- FGM. SEGUROS ZURICH

MODALIDADE	Ámbito territorial	*Categoría	Prezo	Disciplina asegurada
A	España; Portugal Perineo Francés Andorra Marrocos	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	15 € 30 € 51 €	Excursionismo, campamentos e marchas, sendeirismo (sen incluír alta montaña en ningún caso)
B	Ídem a A	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	17 € 35 € 56 €	Excursionismo, campamentos, marchas, sendeirismo, rocódromo, alpinismo, Montaña y alta montaña, escalada, barrancos, carreiras por montaña, espeleoloxía, raquetas de neve, esquí de montaña, e vías ferratas
B1	Ídem a B	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	22€ 41€ 64€	Ídem a B, e ademais esquí alpino, bicicleta de montaña (BTT), snow de montaña e splitboard
C	Ídem a B e Europa	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	28 € 49€ 90€	Ídem a B1, e ademais telemark e canicros
D	Mundial, excepto expedicións polares e montañas de máis de 7.000 m	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	40€ 72€ 131€	Ídem a C
E	Mundial para expedicións polares e montañas de máis de 7.000m	Infantil-(0-13 anos) Xuvenil (14-17 anos) Maiores	397€ 405€ 419€	Ídem a D
***O.T**	Ídem a B, só en outubro, novembro e decembro	Maiores	37€	Ídem a B (para federados por primeira vez)
OT1	Ídem a B1, só en outubro, novembro e decembro.	Maiores	43€	Ídem a B1 (para federados por primeira vez)

MÁIS INFORMACIÓN EN **www.fgmontanismo.es** e no Club, onde podedes ver a póliza
*As Licencias OT e OT1 son licenzas tipo B e B1 só para os meses de outubro, novembro e decembro.
*Categoría Infantil: Ata 13 anos cumpridos no ano 2014. Xuvenil, de 14 a 17 anos cumpridos no 2014, e Maiores de 18 a 84 anos cumpridos en 2014

LICENZAS ESPELEOLOXÍA FGE 2014. SEGUROS CATALANA OCCIDENTE

	BÁSICA: Espeleoloxía e descenso de canóns			**PLUS:** Espeleoloxía e descenso de canón e ademais: espeleomergullo, alpinismo, sendeirismo, uso de "Vías Ferratas" ou escalada en rocha ou obstáculos artificiais, esquí de fondo e snowboard, esquí alpino (excluíndo o esquí alpino fóra de pista), camiñada con esquís ou raquetas, bicicleta de montaña todo terreo, canoa, kaiak e mergullo en tódalas súas formas		
	A **España**	**B** **Europa** **Marrocos**	**B1** **Mundial**	**A** **España**	**B** **Europa** **Marrocos**	**B1** **Mundial**
MAIOR	31,90€	38,50€	44,00€	44,00€	53,90€	64,90€
XUVENIL	25,90€	32,50€	38,00€	38,00€	47,90€	58,90€
INFANTIL	20,60€	25,00€	36,00€	33,80€	43,70€	56,90€
Temporal (fin de semana): 10,90€ (só coberturas modalidade básica A)						

Os prezos das licenzas inclúen: Seguro de Accidentes, Seguro de Responsabilidade Civil e Cota da F.G.E.
A póliza inclúe Seguro de Rescate en España e no Estranxeiro ata 18.000€. A cobertura en Rescates aplícase a todas as actividades (principais e complementarias).
Para máis detalles do seguro e coberturas visite a nosa web: **http://www.espeleoloxia.org**

LICENZAS SUBACUÁTICAS. FEGAS 2014 HELVETIA SEGUROS

SENIOR	53 €
TÉCNICO E DIRECTIVO	68 €
INFANTIL	21,5 €
XUVENIL	36 €
SENIOR INDEPENDENTE	151 €

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Firmamos un convenio coa Deputación de Pontevedra de prácticas formativas laborais para universitarios, mediante o que se nos asignou a bolseira Sara Núñez que nos axudará nos labores de Xestión do Club. Benvida Sara.

Club Montañeiros Celtas. Depósito Legal VG:40-1998

ACTIVIDADES DE ESQUÍ. TEMPADA 2014



8-9 FEBREIRO: PERCORRIDO DE ESQUÍ DE TRAVESIA FGM-CELTAS

Organiza por Celtas este ano a actividade Federativa levarase a cabo o sábado en Puerto Ventana, Huertos del Diablo, Pico Colines e o domingo xa de volta no Porto de Somiendo a Peña Salgada. Remataremos cunha comida no Hostal Coronel. Faremos noite no refuxio da FGM en Torrebarrio. Actividade pensada para persoas cun nivel **(ME) esquiadores medianos**.

22-23 FEBREIRO: XORNADA DE ESQUÍ EN SAN ISIDRO - LEÓN.

Clásica saída anual de esquí alpino que faremos na estación de San Isidro.(Se o tempo o permite) Sairase puntualmente o venres ás 18:00h fronte ao Club, chegando sobre aa 12:00h da madrugadaa os apartamentos. O Club encargarase das reservas do albergue e forfait. O material poderase alugar en Vigo uns días antes. Despois de dous días esquiando, sobre as 17:00h iniciamos o retorno a Vigo.

8-9 MARZO: XORNADA ESQUÍ DE TRAVESIA-OUBIÑA

Dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade **BE (Bos esquiadores).**
Irase en vehículos particulares, con chegada o venres para durmir.
A actividade máis importante será a do sábado de mañá cedo.
Cearase no albergue e o domingo organizarase outra actividade máis suave, para regresar despois do xantar

12 o 19 ABRIL: ACTIVIDAD DE ESQUÍ DE TRAVESIA EN PIRENEOS

Dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade MBE (Moi Bo esquiador). Aproveitando os días de Semana Santa, trataremos de realizar unha actividade que sexa motivadora e de goce, buscando lugar con encanto e beleza, posiblemente no Pirineo, cun trazado e cun reto deportivo en intensidade e dificultade, cun Custo económico importante para o participante debido aos desprazamentos e estanzas, iremos en vehículos particulares.

Nota: A valoración do nivel de dificultade dunha travesía é bastante subxectiva, como acontece nas actividades de montaña, non obstante véñense utilizando unha escala quee dá á un idea de dificultade en función dos coñecementos técnicos individuais.

ME (esquiador mediano), con coñecementos básicos da técnica, o seu campo de acción limítase a ladeiras amplas e pendentes moderadas.
BE (Bo esquiador), con posibilidades de acceso a fortes pendentes e gran variedade de neves.
MBE(moi bo esquiador) polos seus coñecementos técnicos pode acceder a todo tipo de pendentes e variedades de neve.

NOTA: Debido que dependemos das condicións e da neve as actividades poderán ser cambiadas de data..

Renace a Sección de Mergullo como ESCOLA DE MERGULLO

Texto: Lourdes Castiñeira

Véñenme á memoria aquelas fotos proxectadas nos actos do 70 aniversario de mergulladores sen neopreno, só co bañador e realizando a actividade dende a praia. Dende aqueles tempos moito foi cambiando a vida do mergullador e tamén a vida da Sección de Subacuáticas do Club.

Como toda disciplina deportiva do club comezouse como unha extensión polo interese do que nos rodea e co tempo foi gañando adeptos e técnicas para converterse nunha nova e autónoma Sección dentro do Club, para o disfrute dos socios e para explorar e gozar dun anaquiño máis do noso marabilloso, cercano ou lonxano, universo.

Na actualidade renace a Sección de Mergullo como ***Escola de Mergullo*** porque creemos na formación como elemento esencial para coñecer a contorna, coidala, e gozar dela de maneira segura.

Nace a ***Escola de mergullo,*** oficial, recoñecida pola Federación de Actividades Subacuáticas, que ***impartirá cursos con titulación válida a nivel internacional***.

A dirección da Escola de Mergullo recae no noso socio Miguel Boquete, Instructor nacional 2E e Técnico Deportivo, que formará e instruirá co equipo necesario de apoio para impartir cursos e realizar actividades.

Desexamos moita vida deportiva e existosa a esta nova iniciativa da que estamos moi orgullosos. Grazas Miguel.

Para comezar o ano con ilusión e ganas temos xa programado o primeiro curso de mergullo dunha estrela o próximo día 15 de xaneiro. Tedes máis información no club ou directamente na sección de mergullo a través do correo mergullo@celtas.net.

Animádevos a participar!!!

COSTA DA VELA - MONTE FACHO

Coa Pequemarcha do día 20 de outubro tivemos a sorte de coñecer moitos bichiños e velos moi de cerca, un saltón, un caracol, unha típula, unha mantis relixiosa

Texto: Nuria Quinteiro- Foto: L.Castiñeira

Ameazaba choiva pero finalmente tivemos un día estupendo. Outra xornada de marabilloso paseo pola fermosa zona da costa da vela.

Quedamos as 11 da mañá no aparcadoiro ao pe do monte Facho, e dende alí iniciamos a marcha. Un agradable paseo percorrendo sendeiros, antes de iniciar a subida ao monte. Atopamos moita fauna, tres "mantis relixiosa" (eu era a primeira vez que vía unha), unha "típula" un "saltón" e un caracol. Grazas a caixa transparente que tiña Emilio e a colaboración de todos para coller aos bichiños, os nenos puideron velos moi preto, unha sorte, penso que non hai mellor forma de aprender que ter experiencias e iso foi toda unha experiencia.

Seguimos cara ao monte, e por fin, a subida, aos nenos é o que máis lles gusta, poder saltar polas pedras cara arriba e sentir como van gañando altura. Por fin na cima tivemos tempo de gozar das espectaculares vistas ademais de seguir o voo dunha ave rapaz que, de cando en vez, baixaba en picado para atrapar algunha presa que tiña atopado mentres planeaba en altura.

Ao iniciar a baixada aínda tivemos tempo para parar un chisco e ver os restos do castro que hai no cumio do monte. Si que situaban ben as súas vivendas os nosos antepasados eh?. Xa chegando ao noso destino, os bocatas, e a poucos metros dos coches, unha compañeira esvarou e caeu con bastante mala sorte, dende aquí unha aperta para ela.

Para rematar a xornada, comida, xeados e xogo. Que ben o pasaron co avión que trouxo Martín e escalando aquelas pedras para ir recollelo cando quedaba atrapado no alto!.

Cantas emocións nun so día, pero xa se sabe, ir ao monte en boa compaña é o que ten.

Montañeiros Celtas

MAGOSTO NO MONTE ALOIA

En novembro o outono e as castañas leváronnos ata o Monte Aloia

Texto e foto: Ángel. Baña.

O principal obxectivo deste texto, ademais de contarvos un pouco como foi a saída, gustaríame que fose tamén un agradecemento aos organizadores polo seu esmero e a paciencia amosada, así como brindar a nosa axuda no que poidamos xa que destas pequemarchas sairán os futuros amantes da natureza.

O que se refire a participación dicir que se completou o cupo con 100 participantes, que non son poucos!. A actividade comezou no centro de interpretación do monte Aloia onde puidemos ver unha proxección do parque. Aproveitar para dar as grazas por recibirnos e, propoñer que se faga algo máis animado para os nenos/as. Despois do visionado puidemos gozar das explicacións de Emilio ensinándonos as curiosidades do centro, niñadas, osos, serpes e que, grazas á inocencia dos nenos/as, sabemos que no Aloia non hai crocodilos "polo momento". Tras a visita dirixímonos ao aparcadoiro onde Lourdes nos daría as recomendacións oportunas, sempre necesarias e moito máis con rapaces/as, antes de iniciar o percorrido. Era unha senda botánica, con moitos paneis informativos e que transcorría entre árbores, pontes de madeira que cruzaban un fermoso arroio, que con algunha que outra pequena fervenza, fixo que fose realmente entretido.Atopamos tamén no camiño un Rego de Pedra, que antigamente levaba a auga aos campos de Frinxo, e polo cal algúns fixeron os seus piniños entre equilibrios e escalada.

Despois da comida fomos a área recreativa onde Enrique nos guiou por un percorrido micolóxico e onde nos puña ao corrente do perigo de comer setas non coñecidas. Mentres, Emilio preparou un percorrido de orientación na que os rapaces se divertiron atopando as balizas. Para rematar tan fermosa xornada e quitar do corpo o frío que nos acompañaba degustamos as castañas e a chocolatada que Merchi, Conchi, Penélope, Elena, Escrich e algunha máis que se me esquece nos prepararon. Por certo ¡estaba todo exquisito!

Un saúdo a todos/as e a ver se nos vemos na vindeira edición das PEQUEMARCHAS.

CAMIÑANDO E COÑECENDO CABO HOME

O día 15 de setembro a pequemarcha transcorreu polo Morrazo, cos faros, o mar, as illas Cíes e as Ons como protagonistas, e por suposto os máis pequenos que non deixan de abrir os ollos ao mundo que lles rodea.

Texto: Andrea Michele. Foto: Angel Baña

Cando me preguntan se sigo saíndo ao monte, a resposta é "si, a outro ritmo". Atoparédesme na Sección Cultura e MedioAmbiente participando nas pequemarchas.

A última á que fun, foi a do pasado 15 de setembro no Morrazo. Démonos cita no aparcadoiro da praia de Melide. Cantas caras coñecidas!, os rapaces búscanse, saúdanse. O día promete, vai bo tempo.

Saímos camiñando cara á Costa da Vela pola pista de terra. Os rapaces levaban ben aprendido as recomendacións: "coidado cos coches, hai que camiñar polo borde". No percorrido da ruta tivemos tempo de ver moitas cousas, ata atopamos coñecidos que ían en bicicleta de montaña. As vistas non se facían esperar: veleiros, barcos máis grandes, as fermosas Illas Cíes, e tamén, ao fondo, as Illas Ons.

Os nenos non perden unha, camiñando observan puntiños negros que se moven, "son formigas" hai unha fila grande delas, unha detrás doutra, "E, por que levan cousas na boca?... Os adultos e os rapaces maiores van respondendo con paciencia as moitas preguntas.

Despois das formigas viñeron os saltóns, as plantas, as gaivotas e os corvos mariños.

Chegamos a Cabo Home onde se atopa ao primeiro faro, de cor branca. Os adultos explican e os pequenos preguntan. Tamén preguntan os maiores e os pequenos responden. Que bo sinal! As gañas de coñecer e as gañas de comunicar. Seguinte faro, este de cor vermella atópase no Cabo de Robaleira. Ballesteros explicounos a diferenza entre uns e outros. Puidemos achegarnos ao burato do inferno, e finalmente, á praia de Melide.

Xantamos baixo a sombra dos piñeiros, xogamos e ata montamos unha pequena tenda de campaña. Están felices, incluso algúns atrévense a se bañar no mar, algo perigoso neste día.

Para uns xa chega a hora da retirada, outros aproveitan para achegarse á Punta Subrido.

E así rematou este fermoso dia.

CRECENDO COMO MONTAÑEIROS

De xullo a decembro membros da sección infantil - xuvenil participaron en actividades diversas. Aquí queda o resumo delas, onde cabe destacar o bo ambiente entre os rapaces e os monitores, e a capacidade que teñen os máis pequenos de aprender xogando.

Texto: Penélope Aranda

VIVAC NO GALIÑEIRO

Con 10 rapaces de entre 12 -14 anos e catro monitores, comeza a actividade do sábado **14 de setembro** pola mañá coa observación instrutiva das consecuencias dramáticas dun incendio sobre o medio ambiente e os conseguintes labores de extinción deste lume no Galiñeiro.

Acto seguido visitamos os petróglifos de Auga da Laxe, onde puidemos comprobar tamén a neglixente actuación dalgún ignorante que se dedicou a remarcar con xiz todos os gravados causando un dano que á longa os prexudica. Os rapaces tomaron boa nota do que non se debe facer.

Regresamos ao refuxio e despois de xantar e descansar, iniciamos un percorrido que nos levaría pola liña de cumio ata o collado próximo da Cova da Becha, ao que pola noite volveriamos para vivaquear. Dende aquí descendemos por un recentemente marcado e entretido sendeiro pola base das vías de escalada que nos guiou ata o refuxio. Unha vez que cenamos e xa con noite pecha, volvemos pola pista ata o collado antes citado e preparamos o vivac. Para todos os participantes ía ser o primeiro. Xa pola mañá e despois dunha noite fresquiña grazas a xeada que nos "arroupou" ata o amence , descubriron o que se sente ao recibir os primeiros raios de sol, mentres aínda se está no saco.

Regresamos o domingo 15 pola mañá ao refuxio e almorzamos merecidamente e repartimos logo o material que necesitariamos, arneses, pés de gato, cordas, mosquetóns, cintas exprés, etc . e fomos á zona de escalada,onde durante todo o día ascendemos diferentes Vías. Sobre as 19h regresamos a casa.

CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DA FEDERACIÓN DE MONTAÑA EN A FREIXA

21 de setembro. O noso club participou neste campamento con 12 rapaces e 2 monitores. Hai que destacar que esta fin de semana foi un dos máis calorosos do mes de setembro, polo que agradecemos enormemente estar no cámping de A Freixa e poder refrescarnos no río Tea. O campamento estivo organizado por Peña Trevinca, e fomos aproximadamente 70 participantes entre nenos e colaboradores.

Durante a tarde do sábado fixéronse xogos de presentación que terminaron nunha gymkhana con probas como por exemplo: pasar a través dunha ponte "mono", facer unha carreira entre dous equipos, pero cos pés enriba de dous esquís de madeira, tiro de corda entre nenos e adultos, pasar por unha cinta de equilibrio, etc. Tras o esforzo, un refrescante baño e un chocolate quente pola noite, fixo que os nosos montañeiros descansaran placidamente no cámping.

Ao día seguinte, e tras un enerxético almorzo, realizouse unha ruta de sendeirismo pola ribeira do río Tea, rematando en Salvaterra. Tivemos a sorte de que pola ribeira había sombra o que era de agradecer, pero para moitos dos nosos chicos, fíxoselles un pouco interminable, porque andaron, nadas máis e nada menos que 19 quilómetros. Unha gran pateada para moitos deles.

GALIÑEIRO-ALOIA

10 de novembro.- Cinco nenos e tres monitores partimos andando dende o refuxio do Galiñeiro ata o refuxo do monte Aloia. Pensabamos facer unha gran travesía de ida e volta por eses montes tan emblemáticos, pero.. á metade do camiño de ida**,** unha nube gris e chorosa quixo acompañarnos o resto da andaina. Grazas a esta amiga, chegamos bastante mollados, por non dicir, empapados, pero como todas as cousas non teñen que saír mal, encontramos a cheminea do Aloia acesa, así que puidemos quentarnos arredor lo lume. Marabilloso invento!. Pasamos a tarde facendo xogos no interior, xa que diluviaba e loxicamente a volta fixémolo en cómodos coches.

RUTA POR EL RIO XABRIÑA (PARAÑOS)

1 de decembro.- Á derradeira saída do ano viñeron 15 nenos, 3 monitores e uns 5 colaboradores que nos axudaron co tema loxístico.

Ao chegar á vila de Parados fomos visitar o lagar de cera ou prensa de parafuso que usaron os nosos antepasados para extraer a cera dos panais das colmeas coa que poder facer distintos produtos artesanais, por exemplo velas ou exvotos. Alí os guías do lugar, Manolo e Lolo explicaron os secretos do mundo da cera e incluso os rapaces fixeron moldes de cera das súas mans e cabalos con moldes de escaiola. Despois trasladámonos á Lamosa e dende alí fixemos a baixada do río Xabriña. Durante o camiño vimos pequenos rápidos, as fervenzas, bosques de conto de fadas, fentos prehistóricos, muíños de auga escondendo vellas historias, o pozo do demo (unha pequena garganta entre rochas) ata chegar a Mouriscados, onde colleríamos os coches e regresariamos a Vigo

ESCOLA DE ESCALADA

Durante o curso escolar 2013-2014, a Sección de Escalada do noso club, ven desenvolvendo, con gran éxito, xornadas de escalada para nenos e maiores, co ánimo de aprenderlles a escalar con seguridade e de modo autónomo.

Visto que as xornadas de iniciación á escalada que se celebran tódolos anos quedan pequenas para estes futuros oito gradistas, decidimos darlles unha solución para que puideran saciar o seu voraz apetito escalador, e crear un curso/escola/criadeiro de escalada no que ensinaremos todo o necesario para que se convertan nuns escaladores autónomos.

Este proxecto comezou un frío e soleado luns 25 de novembro, no que convocamos a tódolos inscritos para ver o nivel de cada un e así poder preparar as clases. Os profesores estabamos cheos de ganas e ilusión, aínda non sabiamos a que nos esperaba... Dividímolos en dous grupos, o grupo dos pequenos "monstros" cheos de enerxía ilimitada (ou grupo dos nenos) e o grupo con espírito xuvenil e con ganas de comerse o mundo (ou grupo dos maiores).

No grupo dos nenos estamos a aprender moitas cousas: saltar á corda, o xogo da serpe , arte abstracto.. Ah, si claro, e aos nenos tamen están a aprender moito. O grupo dos maiores, que traballiño nos da... que si non queren ir correr, que si non se lles dan ben as matemáticas nin a estratexia, que si esa dereita, non a túa outra dereita.... Imos ter que falar seriamente cos seus pais ou moito mellor, co grupo dos nenos para que lles poñan as pilas.

Bromas aparte, creo que todos eles están sacándolle partido a todo o que lles transmitimos e intentamos ensinar e que nun futuro teremos escaladores, independentemente do grao que escalen, que saberán facer as cousas ben, saberán como hai que quecer, estirar, adestrar, como asegurar de maneira correcta, como escalar de maneira segura e, en definitiva, como gozar da escalada e de todo aquilo que a rodea.

Non quero despedirme sen antes agradecerlles a todas as persoas que están a traballar e a colaborar neste proxecto, xa que sen eles sería imposible levalo a cabo.

Anímate e participa. Luns e/eu mércores

SOCIAL

MAGOSTO NO ALOIA

Texto e debuxo: J.L. Vázquez

O sábado e domingo 16 e 17 de novembro celebrouse no refuxio do monte Aloia o tradicional "Magosto" comezando o sábado para os máis adiantados que durmirían no refuxio.

Algúns achegáronse en bici, pero o día seguinte, domingo, foi cando asistiu moitísmia xente (máis de cen) que tivemos o pracer de degustar a "sopa de cogomelos" e despois unha suculenta "carne ao caldeiro", todo acompañado por bos viños, o que fixo as delicias dos asistentes que tamén deron un aprobado ás castañas asadas como corresponde a este festexo.

Temos que reseñar, que así como o día anterior os compoñentes da "peque marcha" eran de pequena idade, ahora xa as idades eran superiores, aínda que botamos en falta a bastantes "veteranos" que normalmente asisten a esta festa. Que saiban que notamos a súa ausencia e que os esperamos en anos próximos. Sólo falta agradecer a toda a directiva e axudantes o esforzo realizado, para conseguir que todos os asistentes marchásemos moi contentos.

SEMANA PIRENAICA DE VERÁN

MACIZOS BACHIMALA POSEST. VAL DE PINETA

Texto e fotos: Javier Diéguez

O pasado mes de agosto achegámonos á cordilleira dos Pireneos na tradicional cita veraniega do noso club.. Nesta ocasión instalámonos no cámping de Saravillo, no val de Gistaín.

Camiño do cumio do Astazo

A situación do campamento base permitiunos acceder a rutas nos macizos do Bachimala e Posets, así como ao parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido, máis concretamente no val de Pineta.

Nos arredores desta zona encóntranse os macizos máis altos de toda a cadena pirenaica. O Macizo do Posets remata no pico do mesmo nome con 3375 m, o segundo máis alto despois do Aneto, e o Macizo de Monte Perdido é o macizo calcáreo máis alto de Europa, acadando os 3.355m no seu cumio.

A cita levounos a algo máis de 30 aventureiros a percorrer máis de 105 quilómetros e acumulando 7.800 metros de desnivel en 6 días, camiñando, rodeando, trepando ou escalando cumios que rozan ou superan os tres mil metros, e gozando dos ríos, fervenzas, lagos e miradoiros naturais que atopamos ao longo de todo o camiño.

Primeiro día

Comezamos viaxe partindo dende o club na media noite do día 2 de agosto. Esperábanos unha pesada viaxe de case 1.000 km en autobús que se fixo máis lixeira grazas ás sonecas, ás conversas, aos cafés das paradas en ruta e á ilusión das novas aventuras que agardaban por nós.

Chegamos ao cámping de Saravillo con bo tempo, e pasamos a tarde colonizado o campamento e explorando os servizos que nos prestaba o cámping e os arredores e co ánimo de estirar as pernas, saímos facer unha pequena ruta. Outros compañeiros preferiron investigar as vías de escalada situadas preto do vila.

Segundo día

Con bo tempo comezamos a ascender dende o cámping (875 m) dirección sur cara a vila de Saravillo (980 m).

Alí formáronse dous grupos: un de sendeirismo que percorreu en dirección este o sendeiro GR-15 cara o Ibón de Plan ou Basa de la Mora (1.930 m) e outro grupo de montaña que atacaría o cumio do Pico Cotiella (2912 m) sempre en dirección sur. A volta en ámbolos dous casos fíxose desfacendo o camiño de subida.

Ascensión ao Cotiella

Sempre ascendendo, continuamos dirección sur cara ao collado de Santa Isabel (1530 m) onde se atopa unha cabana forestal. Dende alí ao norte podiamos ver o val co río Cinqueta ao fondo, e cara ao SE alzábase ante nós a parede do Barranco de Gradiello polo que tiñamos que ascender para acadar a meseta superior. Tras superar a muralla a paisaxe mudou radicalmente, deixando atrás os bosques de piñeiro para percorrer un campo estenso e árido combinado con rocha calcárea. Progresando polos tobogáns do terreo divisamos ao fondo a mole de rocha do Cotiella.

En torno aos 2.400 metros atopamos ao pé da pirámide final que constituía o cumio do Cotiella Aproximadamente unha hora máis tarde, gran parte do grupo lograba acadar o cumio despois de 6h30min e 2.100 metros de desnivel vertical.

Terceiro día

O día 5 de agosto o autobús remontou o val de Gistain cara o localidade de Plan dende onde collemos un taxis todo terreos ata o refuxio de Viadós (1760m), punto de partida das rutas.

O grupo de sendeiros percorreu río abaixo a canle do Cinqueta por un sendeiro entre bosques de principalmente de piñeiro e abeto, mentres que o grupo de montaña partiu para ascender o Gran Bachimala (3.176 m) en dirección sudoeste.

A ruta transcorre por terreo aberto e vai cambiando a medida que ascende, pasando de bosque a campo e despois a terra para continuar por placas de lousa e grava solta na súa parte final.

No primeiro sector de ascensión gozamos do impoñente macizo do Posets polo sudeste mentres cristeamos as lombas da base do Bachimala. Ao chegar ao collado de Viadós (2.500 m) cambiamos de dirección cara o norte, atravesamos un neveiro e pasamos a ascender por terreo ben marcado de pedras. Na parte final da ascensión a pendente dificultou un pouco o acceso o cumio porque a rocha estaba algo solta. Aínda así, tras 8 quilómetros e 1.600 m de desnivel acumulado acadamos o cumio en 4 horas. Dende o alto admiramos unha privilexiada vista dos macizos mais coñecidos: Aneto, Monte Perdido, Vignemale, Posets.

O descenso fixémolo pola mesma ruta, e o chegar o refuxio os montañeiros descenderon a pista do río Cinqueta ata completar un total de 24 km de ruta.

Cuarto día

O día 6 de agosto desprazámonos en autobús ata o Val de Pineta co obxectivo orixinal de ascender o Balcón de Pineta e posteriormente atacar dende alí o mítico cumio de Monte Perdido. O grupo de sendeiro compartiu parcialmente a ruta rematando no Balcón de Pineta.

A ruta se inicia ao carón do Parador de Pineta a unha altitude de 1.260 m para ascender a parede que pecha sucado por fervenzas. A ascensión zigzagea pola parede sen descanso ata chegar a 2.510 m no denominado Balcón de Pineta, que constitúe un magnífico miradoiro natural de todo o Val coa súa estrutura glacial tapizada polos seus magníficos bosques

Cara ao noroeste esténdese unha meseta que vai ascendendo pouco a pouco e na que se sitúa o Lago de Marboré (2.600 m), o noso seguinte destino. A pesar da avanzado do verán o lago presentaba xeo nas súas augas e arredores. Cara o sur elévase o Monte Perdido aínda que os cumios do macizo atopábanse cubertos por densa néboa. Por este motivo cambiamos o plan de ruta e decidiuse atacar os cumios dos Astazou (3.015m e 3.071m), máis despexados, ascendendo pola meseta e presenciando o nacemento do río Cinca camiño do collado de Astazou (2951 m). Dende o cumio puidemos divisar o Circo de Gavarnie, a brecha de Rolando, o Taillón. O Monte Perdido ficou tapado polas nubes.

A baixada fíxose pola mesma ruta de subida. Tivemos a oportunidade de ver o glaciar do Monte Perdido ao despexarse un pouco a néboa. Ao chegar o punto de partida acumulamos 21 km de percorrido, cun desnivel acumulado de 1.790 metros, e nun total de 10 horas.

Quinto día

Despois duns días intensos, tomamos o día de descanso, e aproveitamos para facer turismo e achegármonos á vila de Benasque.

Sexto día

O día 8 de agosto atacamos o cumio do Pico Posets (3.369m.) A ruta comeza no mesmo punto que a do terceiro día (refuxio de Viadós, 1760 m), polo que fomos en autobús ata Plan e despois en taxi todoterreo ata o refuxio. Nesta ocasión a ruta remonta a canle do río Cinqueta en dirección norte para posteriormente virar progresivamente cara o leste. A medida que gañamos altitude pasamos de percorrer bosque a campo aberto e despois rocha espida. Ao redor dos 2.800 m atopámonos con neve recente e a temperatura descendeu bastante. O cumio permanecía por momentos oculto entre nubes e ao redor dos 3.000 m a ascensión pasou a ser completamente invernal con moito xeo entre as rochas soltas. Xa nas cristas finais do cumio, aos 3.270 metros moi preto do cumio e pasado o collado superior, a meirande parte do grupo demos media volta por mor das malas condicións meteorolóxicas e o perigoso do terreo mixto de xeo e rocha solta. Aínda así un pequeno grupo de 5 montañeiros acadaron o cumio.

A baixada fíxose polo mesmo camiño de subida, e o chegar o refuxio de Viadós, continuamos o descenso o carón do río Cinqueta ata chegar a estrada onde nos esperaba o autobús.

En total, percorremos 23.5 km, acumulando 1.722 m de desnivel en 10h30 min.

Sétimo día

O derradeiro día fixemos un pequeno percorrido suave dende a vila de Badain ata a Fuente de Fornos. Este sendeiro percorre a canle do río Irués (afluente do Cinca) entre bosques, e serviu de ruta para relaxar as pernas despois de días tan intensos e esixentes fisicamente antes de recoller o campamento e partir o día seguinte cedo de volta a Vigo.

Percorrémolo sendeiro (ida e volta) en algo menos de 3 horas, acumulando 410 metros de desnivel en 9 quilómetros. Despois, achegámonos a Aínsa onde puidemos probar a gastronomía local e admiramos a paisaxe onde destacaba Peña Montañesa e o macizo do Monte Perdido ao fondo

Camiño do Posets

SENDEIRO FORNELOS-MOSCOSO

Texto: Lourdes Castiñeira

Era un fermoso domingo de outono, quedamos ás nove e ás nove e media. Cambiaran a hora, é dicir, a quedada para saír estivo salpicada de incidencias. Foi un bo presaxio.

En Moscoso comezaba a marcha. Levamos un coche á Xunqueiras, e comezamos a andar. Auga polos camiños, follas douradas no chan e nas polas, corredoiras polas que andaban os carros de bois e agora corre a auga para espantala dos prados. Seguimos o tramo previsto do GR-58, atravesando lugares gardados na retina para sempre. Regalámonos un extra, a subida ao Coto de Eiras. Algunhas participantes tomamos este sendeiro de doado percorrido como proba para as nosas recentes, e non tan recentes lesión, e convertemos o día nunha inesquecible camiñada ao máis puro estilo Celtas. Resistiron e superaron a proba os nosos nocellos e xeonllos, percorremos un pequeno tramo do río Barragán xa entrada a noite, coa axudas dos frontais que había nalgunha das mochilas. É o que ten o cambio de hora no outono, que enseguida se fai noite. Entramos na Xunqueira con aires de conquistadores despois de tanto tempo sen realizar unha camiñada deste estilo. Moitas grazas Carmen por compartir unha nova aventura.

O GR-58 é un dos sendeiros de longo percorrido de Galicia, discorre por terras da mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo. O PR.G-164 río Barragán, é un trazado circular realizado en catro comunidades de montes Traspielas, Calvos, Moscoso e Xunqueira dos municipios de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes e Mondariz.

SUBIDA A CUETO MAR DENDE O REFUXIO "EL LLANO"

A ponte de novembro levounos ata Quirós. Tres días de actividade na que a meteoroloxía non acompañou, o que non impediu facer andainas.

Texto: Pilar Monterrubio

Estamos no val de Quirós, no refuxio "El Llano". Dende este lugar idílico o que vemos ao noso redor é a Serra de Caranga, un pequeno sistema de moderada altitude (no chega aos 1.200 m), situado entre Proaza e Quirós. Que sexa dunha altitude moderada non quere dicir que non sexa espectacular en canto a orografía se refire. As canles, agullas, cristas etc, son asombrosas. Non podemos esquecer as vistas dende o alto dos picos onde se mesturan as cores outonais dos carballos, das abeleiras, dos freixos e dos castiñeiros. O verde das árbores que aínda non sentiron o outono e as súas follas coa rocha desta serra. Unha mestura de cores e volumes, a unión da rocha e a caliza das crista cos bosques dos seus vales.

O noso camiño comezou a noite do sábado, cando o responsable do noso itinerario Juan Carlos, explicou o que iamos realizar ao día seguinte, as dificultades que poderiamos encontrar dada a climatoloxía e a premura da hora para realizala; tiñamos pouco tempo, xa que o día da ruta retornábamos a Vigo. Aí comezaron as dúbidas: poderase facer, choverá, esvarará a rocha.

Amenceu un día estupendo, soleado, un agasallo para gozar dunha bonita subida e dunha espectacular paisaxe de riscos e cristas. Animámonos 11persoas. Seguimos os consellos: en caso de dúbida, sempre cara a esquerda. Todos xuntos e en fila, seguindo os pasos dos primeiros.

Ao final da zona da canle, terminado un pequeno circo, comezamos unha zona de herbáceas, que ás veces se facía complicada e esvaradía debido a humidade da mañá e a chuvia dos días anteriores. Segundo chegamos á zona máis alta xiramos á dereita dende onde comezamos a baixar un pouquiño e dende alí divisamos o encoro e o val de Quirós. Ao mirar cara abaixo divisamos a proeza da subida por aquela canle. Xa superaramos unha das probas. Seguimos camiñando por un sendeiro de arestas e agullas, que fai que a nosa mirada se recree. Vemos Peña Rueda, a cova. Neste momento aparecen as nosas primeiras dúbidas, non sabiamos se seguir cara á cova ou continuar pola esquerda. A pendente se acentúa o suficiente para aumentar o ritmo cardíaco que, ademais o incrementa a emoción de contemplar, xa ao alcance da man unha cristería que se presenta amable, pero que pola ladeira oposta se volve escabrosa, cuns precipicios arrepiantes de máis de 1000 metros.

Neste ascenso admiramos o pico máis alto da nosa ruta o Cueto Mar (1177m), tamén chamado Pico La Hoya. Divísase La Verde (1.181m). Uns voitres descansando placidamente dannos a benvida e levantan o voo maxestosamente.

Encontramos varias canles que non tomamos, polas súas fortes pendentes, e seguindo pequenos sendeiros e algún que outro fito que nos guía, chegamos ao noso primeiro obxectivo, o cumio de Cueto Mar, unha atalaia privilexiada dos vales que hai aos nosos pés. Son estas terras morada predilecta de veados, xabarís e perdices, adiviñamos algún oso pardo perdido polos bosques sen pegadas humanas visibles, polo menos desde esa altura. Descendemos dirección ao Pico La Verde e a collada da Forcada, seguindo un sendeiro que ao principio vai cristeando para logo descender polas canles que se van sucedendo, con algún destrepe para ir pasando dunha a outra collada, con coidado de non ter ningún tropezón, porque as canles teñen pendentes incribles cara as profundidades da zona de Caranga.Chegamos a "La Forcada (1.111m), cumio que coroamos en poucos minutos, non sen antes ter trepado, escalado e camiñado e coa alegría de encontrarnos co grupo que realizou a ruta de sendeiro. Dende a Forcada contemplaremos a fermosa paisaxe de Santo Adriano, Proaza, Teverga, Quirós, Sierra de Tameza e aos nosos pés, unha vista incomparable deses vales.

Algo máis de tres horas, sen presa, tardamos en salvar os aproximadamente 700 metros de desnivel que nos separaban do noso punto de partida, El Llano. En algo máis de 11 quilómetros de ruta puidemos gozar desta serra e das súas paisaxes privilexiadas. Xa so quedaba volver ao refuxio por esas bonitas praderías e írmonos acercando ás cabanas que nos anuncian ao final do camiño.

UN MUNDO BAIXO TERRA

Ao longo do segundo semestre do ano foron moitas as actividades que fixemos de espeleoloxía e descenso de canóns, dende divulgación a exploración, pasando por xornadas de prácticas

Texto e fotos: Carolina Rodríguez

Foto 1

Foto 2

Foto 3

SAÍDA DE DIVULGACIÓN DE ESPELEOLOXÍA.-13 xullo

Un ano máis organizamos esta actividade dun só día, para aquela xente que queira probar isto de estar baixo terra, aínda que os demais tamén aproveitan para que a roupa volva a cheirar a ese olorciño tan característico das covas.(foto 1).Estivemos na Cova do Purruñal e alí nos fomos 12 espeleólogos (11 do club: Iago, Miguel, Óscar, Alex, Sergio, J.Antonio, Rosi, Eva e Cari; e 1 do GE Sil : Laura). A pesares da larga viaxe, diversión, bo ambiente e risas foron o que acompañaron este día.

SAÍDA DE DIVULGACIÓN DO DESCENSO DE CANÓNS.- 14 xullo

Outra actividade para iniciarse nesta disciplina deportiva. O canón elexido foi o Canón do Río Cerves, en Melón (Ourense), porque non entraña moita dificultade técnica e é axeitado para levar xente sen experiencia.
Alá nos fomos o domingo Eugenia, Abel, Sabela, Miguel C., Modesto, Victor H., Óscar, Cari, Iago, Jose M., Miguel e Carol. (Foto 2).
Un bonito día soleado acompañounos durante toda a actividade, que rematamos tomando un xeado ou café na terraciña do Mosteiro de Santa María de Melón.

VERÁN 2013

Chegou o verán e cada un ten os seus plans…pero algúns aproveitamos para participar nas campañas de exploración que se realizan nos principais macizos kársticos estatais.

Participamos na Campaña de exploración **Fuente Fría 2013**, que se desenvolveu no Macizo do Mortillano (Cantabria), durante os días 19-27 de xullo, e na cal participan espeleólogos de Cantabria, Soria, Asturias, Madrid, País Vasco….Continuáronse coas labores, un ano máis, de prospección, topografía, fotografía e exploración no Sistema do Mortillano, que xa conta con 130km de galerías subterráneas e un desnivel de 950m.

Tamén espeleólogos do club participamos na Campaña **Moñetas 2013**, organizada polo club catalán SIS Centre Excursionista Tarrasa, en Picos de Europa (Asturias). Alí estivemos do 27 de xullo ao 17 de agosto espeleólogos asturianos, cataláns e galegos. Foron días de espéleo, acompañados polo sol, néboa, vento e choiva…

18º CAMPAMENTO INFANTIL XUVENIL DE ESPELEOLOXÍA 12-13 outubro

Xa van 18 anos da celebración deste campamento para os infantís e xuvenís do club. Nesta ocasión eliximos Seoane do Courel para celebralo e participamos 18 espeleólogos (infantís-xuvenís: Nico, Pablo, Arturo, Cristina, Jorge, Javier, Xián, Samuel, Antón, Martín e Iván; e maiores: Iago, Miguel, Rosi, Alex, Álvaro, Victor e Carol).(Foto 3)
Visitamos en diversos grupos según a experiencia de cada un, a Cova do Tarelo, Taro da Lastra e Buraca das Choias.

Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección, deseño, maquetación e tradución: Marisa Núñez
Colaboran neste número: Lourdes Castiñeira, Marcos Fernández, Miguel Boquete, Andrea Michele, Nuria Quinteiro, Ángel Baña, Penélope Aranda, Iago Rodríguez, Jose Luis Vázquez, Javier Diéguez, Pilar Monterrubio, Carolina Rodríguez

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
Imprime: Garpe Infografía. Depósito Legal: VG:40-1998.
Impreso en papel reciclado
Club Montañeiros Celtas. Depósito Legal VG:40-1998

Tedes máis información das actividades na páxina web e no Club

CALENDARIO ACTIVIDADES 2014			
	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDIDADE	SECCIÓN
XANEIRO			
	11	Asemblea GES- Local social	Espéleo
	16	Curso mergullo. Iniciación. Mergullador 1 estrela	Mergullo
	19	Saída Manzaneda	Infantil
	20	Castroleboreiro-Portugal	Sendeiros/Montaña

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDIDADE	SECCIÓN
FEBREIRO			
	1-2	Xornadas de Técnica Vertical (Mondoñedo-Lugo)	Espéleo
	1-2	Avistamiento de estrelas+foso do lobo	Infantil
	2	Camiñando por Arbo	Sendeiros/Montaña
	8	Inmersión Ría de Vigo. Batea	Mergullo
	8-9	Percorrido esquí de Travesía FGM-Celtas	Esquí
	15	CEA ANUAL SOCIAL	Social
	22	Inmersión Ría de Vigo. Pecio Yvy	Mergullo
	22-23	Xornada de esquí en San Isidro- León	Esquí
	28	Antroido 2014- local social	Social

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDIDADE	SECCIÓN
MARZO			
	2	Inmersión Ría Pontevedra. Faro Mourisca	Mergullo
	2-3	Pozas y Curro de Mougás	Sendeiros/Montaña
	6	Curso Mergullo. Inicio. Mergullador 2 estrelas	Mergullo
	8-9	Saída infantil xuvenil (lugar a determinar)	Espéleo
	8-9	Xornada esquí de travesía (Oubiña)	Esquí
	15	Inmersión nocturna	Mergullo
	22	Ruta de sendeirismo Cepudo-Saián	Infantil
	23	Galiñeiro-Pequemarcha	Cultura/M Ambiente
	28-29-30	Picos de Europa –Occidental	Sendeiros/Montaña

COLABORA CO TEU CLUB!!!

Precisamos colaboradores nas diferentes seccións do club, especialmente na SECCIÓN INFANTIL.
Descubre o gratificante que é organizar actividades ao tempo que compartes experiencias e gozas do medio natural.

O traballo de todos é o futuro do noso club. Toda man é boa!!.

PUBLI-CORREO

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- *Avda. Camelias, 78 Oficina K – 36211 Vigo.*
- *Teléfono: 986 438 505*
- *Fax: 986 122 220*
- *Internet: www.celtas.net*
- *Correo electrónico: info@celtas.net*

Club Montañeiros Celtas. Depósito Legal VG:40-1998